

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2014.

ASISTENTES:

Presidente:

D^a. Ana Ledo Fernandez

Concelleiros:

- D. José Angel Rey Seoane
- D^a. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D^a. Silvia Mosteiro Monterroso
- D. Gonzalo Concheiro Coello
- D^a. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

Secretaria-Interventora:

D^a. Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:03 do día 29 de decembro de dous mil catorce, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia da alcaldesa D^a. Ana Ledo Fernandez.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido a alcaldesa abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA/S ANTERIOR/ES

Coñecida polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 30/10/2014 de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sra. alcaldesa-presidenta se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non son formuladas observacións polo que o Pleno municipal por unanimidade con once votos a favor, seis dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, tres dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de data 30/10/2014. E coñecida polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do día 01/12/2014 de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sra. alcaldesa-presidenta se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non son formuladas observacións polo que o Pleno municipal por unanimidade con once votos a favor, seis dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, tres dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto **ACORDOU:**

SEGUNDO.- Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno da Corporación de data 01/12/2014.

2.- DITAME APROBACIÓN INICIAL PRESUPOSTO MUNICIPAL 2015

Pola Secretaria dase lectura ó ditame da Comisión informativa permanente especial de contas que foi emitido en sesión extraordinaria de data 26/12/2014 e se reproduce literalmente:

“Sen máis intervencións a Comisión informativa permanente especial de contas, tras dúas votacións con empate dous votos en contra dos concelleiros do grupo municipal do PP e dous en contra dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, e decidíndose o empate có voto de calidade da Presidencia da Comisión ditaminou favorablemente o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2015 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ámbos estados á cantidade de (**2.448.374,55€**) así coma toda a documentación e anexos a él incorporados (plantilla, bases de execución ...entre eles), asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

Estado de gastos		
Cap. 1	Gastos de persoal	1.153.699,61
Cap. 2	Gastos de bens correntes e servizos	713.333,35
Cap. 3	Gastos financeiros	4.000,00
Cap. 4	Transferencias correntes	15.000
Cap. 6	Inversións reais	562.341,59
Cap. 7	Transferencias de capital	---
Cap. 8	Activos financeiros	---
Cap. 9	Pasivos financeiros	---
TOTAL GASTOS		2.448.374,55€

Estado de ingresos		
Cap. 1	Impostos directos	351.117,74
Cap. 2	Impostos indirectos	10.000,00
Cap. 3	Taxas e outros ingresos	680.605
Cap. 4	Transferencias correntes	914.393,35
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	500,00
Cap. 6	Enaxenación de inversións reais	---
Cap. 7	Transferencias de capital	491.758,46
Cap. 8	Activos financeiros	---
Cap. 9	Pasivos financeiros	---
TOTAL INGRESOS		2.448.374,55€

SEGUNDO.- Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2015, tal e como son presentadas.

TERCEIRO.- Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, a plantilla de persoal.

Plantilla:

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes

Hab. Nac.-Secretaría-Intervención.-A1/A2.-28.-1.-0.

Admón. Xeral.-Técnico/a xestión económica-financieira.-A2.-26.-1.-0

Admón. Xeral.-Administrativo.-C1.-22.-1.-0.

Admón. Xeral.-Aux. administrativo.-C2.-18.-1.-1.

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

Prazas.-Vacantes.-Denominación.-Xornada.

1.-0.-Traballador/a social.-Completa

1.-0.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.

- 1.-0.-Animador deportivo.-Completa
- 1.-0.-Técnico/a en intervención familiar-psicólogo/a.-Completa
- 1.-0.-Conductor camión.-Completa
- 1.-0.-Subalterno-conserxe peón oficios varios colexio.-Completa
- 1.-1.-Peón recollida lixo - tratorista.-Completa
- 1.-0.-Encargado de obras e servizo de urbanismo.-Completa
- 1.-0.-Encargado servizos municipais (auga, rede de sumidoiros, etc).-Completa
- 3.-1.-Auxiliares de Axuda no fogar- Completa.
- 1.-0.- Conductor de paleadora desbrozadora - Completa.

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

Prazas.-Denominación.

- 6.-Auxiliar Axuda a domicilio.-Xornada 25 horas1 / 5 completa
- 1.-Animadora cultural.-Xornada completa
- 1.-Encargado do Xulgado de Paz.-Media xornada
- 1.-Normalizadora linguística .- Xornada completa
- 3.- Mestras PAI .- 3 xornada completa
- 1.- Técnico dinamización turístico- económica.- Xornada completa
- 1.- Electricista .- Xornada completa
- 1.- Conductor autobús .- Xornada completa
- 2.- Persoal de limpeza .- 1 Xornada completa .-1 Xornada parcial
- 1.- Fisioterapeuta .- Xornada completa
- 2.- ATS .- Xornada completa
- 1.- Pinche.- Xornada completa
- 13 .- Auxiliares Residencia Centro de día .- Xornada completa
- 1.-Conductor/a acompañamento
- 1.- Peón reforzo servizos
- 2.- Socorristas

De acordo co disposto no art. 75 da Lei 7/1985, RBRL publicanse as retribucións, asistencias e indemnizacións establecidas para os membros da Corporación:

- **Retribucións:** O Alcalde desempeñará a súa función en réxime de adicación exclusiva, con un soldo bruto mensual (14 pagas) de 2.800 euros, o que supón un soldo bruto anual de 39.200 euros.

- **Asistencias:** Os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial, percibirán 60 euros por cada asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

- **Indemnizacións:** Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, nos términos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

CUARTO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2015 con tódolos documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

QUINTO.- O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

SEXTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

SÉTIMO.- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.”

Pola Alcaldesa expónse a memoria de Alcaldía do orzamento municipal para o 2015 tal e como segue:

“A presente memoria formúla Alcaldía en cumprimento do ordenado polo artigo 168.1.a) do actual Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por RD legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Na estrutura do proxecto do Orzamento municipal para o exercicio económico do 2015, que esta Alcaldía suscribe e eleva ó Concello en Pleno en cumprimentodas disposicións vixentes, tivéronse en conta normas e directrices que se sinalan nesta memoria e a evolución dos gastos e ingresos municipais nos anos anteriores.

Faise unha desagregación das aplicacións presupuestarias acorde coa Orde ministerial de data 3/12/2008 reguladora estrutura dos presupostos das entidades locais (coas modificacións introducidas pola Orden HAP 419/2014) partidas a nivel de política de grupo de programa nalgúns casos programas, e subconcepto na clasificación económica que permiten un maior control e coñecemento do gasto efectivamente realizado en cada unha das áreas de gastos do Concello considerando que este control e coñecemento foi beneficioso para a tesourería municipal así como para a mellora do municipio.

Neste documento analízanse un a un os capítulos de gastos e de ingresos que conforman o orzamento de Boimorto para o ano 2015,

A) ESTADO DE GASTOS:

No capítulo 1 de gastos de persoal contépláñse 1.153.699,61€ o 47,12% do total do orzamento de gastos aumenta en 41.559,64€ con previsión de persoal subvencionado que non estaba, dotación de partidas para pagas extras 2012 de funcionarios e do animador deportivo que estaba en excedencia no 2014 así como dotación de partidas para incremento salarial de ser necesario por aprobación dunha Relación de postos de traballo

En relación con cargos electos : Contéplase a **contía asignada o cargo electivo de Alcaldía**, partindo do acordo plenario en sesión de data 29/6/2011, mantendose o cargo electivo con dedicación exclusiva cuxos custes salariais quedan reflexados no capítulo 1.

Destaca a dotación orzamentaria para acordar o nomeamento dun novo alto cargo con dedicación exclusiva con 1.100€ 14 pagas e a súa correspondente cuota patronal.

As asignacións acordadas por asistencias a órganos colexiados en dito Pleno: dietas , locomoción quedan recollidas no capítulo 2.

Persoal da Entidade Local: consignase o crédito preciso para as súas retribucións. Recóllense os custes salariais adaptados o previsto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2015 (en diante, LPXE 2015) , vendose afectados inda a data de hoxe os custes salariais pola redución derivada do Real Decreto Lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público redución que se mantén no Real Decreto lei 20/2011 *de 30 de diciembre, de medidas urgentes en materia presupuestaria, tributaria e financiera para la corrección del déficit público.*

Cumpre este equipo de goberno có compromiso de realización dunha Relación de postos de traballo legal que siga un procedemento obxectivo de valoración de cada posto e adapte os salarios as verdadeiras funcións e responsabilidades asumidas por cada traballador.

Manteñense coa correspondente redución derivada do RD Lei 8/2010 partidas para sufragar horas extraordinarias do persoal e produtividade a repartir nos termos sinalados nas bases de execución do orzamento e referenciados a rendemento obxectivo do persoal, sen ter estes conceptos devengo periódico nin fixeza na súa contía.

Segue o orzamento deste ano igual que anos anteriores **sen previsión do custe relacionado có plan de pensións do que son beneficiarios os funcionarios e laborais fixos con 2 anos de antigüidade nos termos do Real Decreto lei 20/2011 de 30 de decembro.**

O persoal laboral temporal contratado actualmente; prevese sen prexuízo doutras contratacións supeditadas a novas subvencións e necesidades de servizo ou razón urxentes e inaplazables, permite a cobertura de necesidades urxentes e inaplazables os efectos de xustificacións de subvencións outorgadas e mantemento dos servizos municipais subvencionados (en relación o establecido na LPXE 2015).

Cabe destacar que aperturanse partidas para asumir o **custo gastos salariais e custes sociais para persoal laboral temporal para a Residencia e Centro de día** o proxecto de posta en marcha remata en 2015 todo sen prexuízo da contratación doutro persoal laboral temporal por obtención o longo do ano de subvencións da Xunta ou de Deputación Provincial.

O persoal laboral temporal orzamentado e necesario para os servizos prestados polo Concello e **aumenta o crédito de persoal subvencionado en relación có ano anterior por orzamentar subvencións como a do plan concertado** polo outorgado nesta anualidade para persoal de axuda a domicilio dependentes axuda sen prexuízo das limitacións lexislativas actuais para dotacións con laboral fixo de postos que dan cobertura a necesidades permanentes.

A labor de promoción do emprego neste Concello tamen verase reflexada no capítulo 4 de gastos coa previsión de subvencións de promoción do emprego e a incorporación de remanente de crédito de 2014 salarios programa Aurora e orientadora laboral subvencionadas.

O esforzo realizado estes anos na promoción do emprego deu o seu resultado temos que consolidar dito esforzo.

Informa esta Alcaldía ó Pleno municipal igual que no ano anterior da necesidade ante a situación económica actual de mantemento do persoal existente e reforzos puntuais na plantilla os efectos da prestación en xestión directa na súa maioría dos servizos municipais actuais (e incluso futuros).

Cabe destacar que Concello de Boimorto ten menos dependencia externa das subvencións da Comunidade autónoma e da Deputación Provincial con fondos propios asumimos o 42,57% do noso gasto creamos emprego e invertimos.

Informo ó pleno municipal que o mantemento deste gasto de persoal supón aforro no capítulo 2 e dicir e máis rentable que contratar a empresas que non garantizan a calidade do servizo nin impulsan o crecemento deste Concello.

Os créditos da praza de auxiliar administrativo quedan dotados pero non teñen salvo necesidade de transferencia para outros gastos previsión de execución inmediata.

Capítulo 2 Gastos en bens correntes e servizos; 713.333,35€ o 29,13% do total do orzamento de gastos aumenta en 15.520,36€ principalmente polo funcionamento xa efectivo de tódolos servizos municipais cada vez con máis usuarios (Residencia, Albergue, PAI actividade cultural destacando Magrego o Festival de la Luz así como por aumento de gastos en electricidade, recaudación Deputación provincial e necesarias reparacións de camiños e desbroces inicialmente dotados con fondos propios sen prexuízo de conseguir subvencións para estes gastos destacar que no Capítulo 2º, se dotan os créditos que segundo as necesidades dos distintos servizos (xerais, sociais , educativos de urbanismo e benestar

sanitarios culturais deportivos, turismo) se prevén para o exercicio económico, atendidos os producidos no ano anterior, e dentro das posibilidades económicas desta Entidade considerando incrementos tales como os dos suministros (electricidade, Sogama custes por recaudación delegada na Deputación Provincial que sufren incrementos importantes, contratacións)

Consignáronse os créditos necesarios para atender en cada Area de gasto as súas necesidades sen prexuízo de modificacións que xurdan o longo do exercicio ante o resultado da xestión.

Siguese a defender por este equipo de goberno a xestión directa dos servizos públicos non so polos bos resultados acadados e aforro de custes con ela e que permitiron a posta e funcionamento de novos servizos senon porque consideramos que a xestión indirecta dos nosos servizos :

- a) Suporía privatizacións e incluso nalgúns servizos limitacións de acceso os usuarios.
- b) Precarizaría as condicións laborais dos traballadores para aumento do beneficio empresarial, con redución de postos de traballo, baixos salarios, desregularización do emprego.
- c) Perderíamos o control pleno do servizo polo Concello.
- d) Aumentaría o coste do servizo para os usuarios en búsqueda do ánimo de lucro.
- e) Daríase unha perda da calidade dos servizos .
- f) Difícil integración de políticas de sustentabilidade.
- g) Fomento da desigualdade , da exclusión social quedando afectados os principios de igualdade de acceso , universalidade e non discriminación.
- h) Aumento de posibilidades de corrupción, clientelismo, da persecución de beneficios económicos son caldo de cultivo para tráfico de influencias, información privilexiada, sobornos, comisións.
- i) Prácticas de uso indebido con bens e patrimonio públicos.

As principais areas de gasto deste orzamento amosan a variedade de actuacións e o carácter dinamizador deste Concello.

Ante o importante gastos por electricidade intentará este Concello facer inversión e estudos có persoal propio que permitan unha redución futura destes gastos en anualidades vindeiras.(así por exemplo contratación inferior de potencias de luz adaptadas ás verdadeiras necesidades municipais).

Hai previsión para contratación polos procedementos contractuais adecuados dos servizos de prevencións de riscos laborais vixilancia da saúde, xestión , pólizas seguros ...)

De e cós créditos orzamentados espérase obter aforro de conseguir subvencións para estes traballos así como facer contratacións novas en servizos, que permitan unha execución do gasto eficaz e eficiente.

Nos **capítulos 3** (intereses da débeda) **4.000€ o 0,16% do total do orzamento de gastos e capítulo 9 0€**, hai previsión para atender a carga imputable ao exercicio relacionada con intereses por operación de tesourería que se acostuma a celebrar para poder facer fronte adiantado a pagos subvencionados cando as bases das subvencións principalmente da Xunta requiren o previo pago antes do ingreso da subvención. Non hai dotación orzamentaria no capítulo 9 por non ter pendente amortización de prestamo algún este Concello non hai operacións vixentes de crédito a longo prazo.

Síñalo que de cerrar unha operación de tesourería quedaría cancelada a 31/12/2015 por obriga legal así como que non supón un crédito a longo prazo nin un endebedamento do Concello senon unha disponibilidad monetaria compensada coa obtención de importantes subvencións para obras de ser outorgadas pola Xunta de Galicia.

Recordase o Pleno municipal como tódolos obxetivos cumpridos por este goberno foron alcanzados sen necesidade de empeño da tesourería municipal a forza de adicación e traballo e sen dúbida dun traballo adecuado as necesidades deste Concello.

Transferencias correntes: consignanse créditos no **Capítulo 4.º 15.000€**, o **0,61% do total do orzamento de gastos** redúcese en relación có exercicio anterior xa que non hai previsión de subvención para promoción do emprego que vai incorporarse do exercicio anterior por non terse esgotado o crédito.

Non se prevén **subvencións directas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro sendo o propio Concello o que se encargará da dinamización de actividades culturais e deportivas nos locais sociais sen prexuízo de prestar a máxima colaboración para a execución dos proxectos destas asociacións.**

Os importes para subvencións son:

Emerxencia Social **6.000**
Axudas natalidade **2000**

Educación Transporte escolar **5.000**
Deporte premios **2.000**

Respecto das **Inversións Reais 562.341,59€ que representan o 22,97% do orzamento aumentan en 146.403€ en relación có exercicio anterior:** as operacións de capital dotaróense nas correspondentes partidas do Cap. 6.º, para poder afrontar a execución das obras relacionadas no anexo de inversións coa súa financiación prevista a afectada no capítulo 7 de ingresos.

As inversións deste ano previstas inicialmente son:

Mellora camiños titularidad municipal **TOTAL= 112.836,13€**

POS 2015 **118.223,33€**

Mellora camiños Arceo Brates e outros 83.713,11

Mellora accesos e vertido depuradora Boimil 34.510,22

Recuperación espacio público Santarandel Parroquia de Arceo **14.448,76€**

Mellora de camiños en las parroquias de Corneda, Mercurín, Sendelle Andabao e Dorneá **76.834,50€**

Adquisición cámara agraría **25.000€**

Servizos de carácter general administración general mobiliario **6.000€**

Servizos de carácter general administración general equipos procesos información **5.000€**

Asistencia Social primaria inversiones residencia **10.000€**

Inversiones PAI **5.000€**

Protección e mellora Medio Ambiente Mellora zonas verdes suministro contenedores 29.999,32€

Equipamientos culturales Mellora locais sociais Arceo Brates Os Anxeles 49.999,55€

Instalaciones deportivas Mellora pistas polideportivas Arceo A Gándara 44.000€

Promoción económica material informático 15.000€

Información e promoción turística Traslado de caseta e sinalización 50.000€

En función das subvencións outorgadas pola Deputación provincial e/ou Xunta aumentarase este capítulo .

Destaca o esforzo do Concello para afrontar as aportacións municipais para ditas inversións evitando o despilfarro e a mala execución orzamentaria, sen prexuízo de maior aportación de fondos propios e maior inversión por contar que a liquidación do exercicio 2014 arrojará un remanente de tesourería positivo para gastos xerais que se invertirá en inversións financieramente sostibles.

No Capítulo 7 Transferencias de capital non hai previsión orzamentaria .Tampouco hai previsión nos capítulos 8 e 9.

B) ESTADO DE INGRESOS

1. Recursos ordinarios (capítulos 1 al 5): foron consignados todos aqueles que proceden, tomándose como base as Ordenanzas en vigor e convenios contemplados nestas, a participación nos tributos do Estado , así como os recursos que legalmente corresponde percibir cuxa liquidación se prevé durante o exercicio, en atención aos Dereitos recoñecidos no ano 2014.

Nesta linea de traballo poderemos chegar a ter una dependencia de financiación externa inferior o 50% .

Capítulo 1: 351.117,74€ representa o 14,34% do orzamento total Sobre os impostos deste capítulo: Imposto sobre Bens Inmóbles , Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e Imposto sobre Actividades Económicas . Faise previsión de ingresos tendo en conta Ordenanzas vixentes e partindo dunha presupostación sobre a base dos dereitos recoñecidos e previsibles altas, así como dos datos dos últimos padróns de contribuíntes obrantes nas dependencias municipais, e o previsto e recaudado no ano 2014 . Aumenta este capítulo en relación có ano 2014 en 27.408,61 pola repercusión que ano tras ano trae os efectos da nova valoración catastral.tablemente a previsión de recaudación no imposto sobre bens inmóbles de rústica e urbana.

IBI Rústica 47.578,89€

IBI Urbana 182.191,43€

IBI características especiais 12.295,42€

Impuesto vehículos tracción mecánica 103.052€

IAE 6.000€

Capítulo 2: Neste capítulo 2 de ingresos **100.000€** que representa un 0,41% do orzamento total , constituído unicamente polo Imposto sobre construcións, instalacións e obras, adaptase a previsión a recaudación 2014.

Capítulo 3: 680.605 € que representan el 27,80% del total de ingresos Hai que destacar neste capítulo o aumento de previsións en relación co ano 2014 en 43.399,95€, aplicando o principio de prudencia orzamentaria este equipo de goberno adapta as súas previsións de ingresos o recaudado realmente en servizos como axuda no fogar, gardería, prezos públicos por actividades culturais, deportivas taxas por ocupación de dominio público, etc.. , o recaudado na anualidade anterior para non sobrevalorar e o longo do ano poder non ter liquidez por presupostar gastos por encima das nosas posibilidades, partimos do recaudado no 2014 destacando maiores ingresos da Residencia e centro de día , da taxa por ocupación de dominio público, na guardería en fisioterapia e podoloxía, en actividades culturais e deportivas.

CAPÍTULO 3 Taxas precios públicos

30000 Taxa agua **61.100€**
30100 Taxa alcantarillado **5.000€**
30200 Taxa basuras **68.100€**
31200 Taxa Pai **15.000€**
32100 Taxa licencias urbanísticas **5000€**
32500 Taxa expedición documentos **1.000€**
33200 Taxa utilización privativa por empresas servizos suministradoras **20.000€**
33900 Outras taxas utilización privativa **600€**
34100 Precio público axuda a domicilio **30.000€**
34101 Precio público Residencia Centro de día **410.000€**
34102 Precio Público fisioterapia e podoloxía **10.000€**
34300 Precio público actividades deportivas **7.000€**
34900 Outros precios públicos **32.000€**
38900 Reintegros operacións corrientes **5.000€**
39100 Multas por infracción urbanística **5,00€**
39211 Recargo apremio **3.000€**
39300 Intereses demora **300€**
39800 Indemnización seguros **500 €**
39900 Outros ingresos diversos **7.000€**
TOTAL=680.605€

Capítulo 4:914.393,35€ baixa en relación co ano anterior en 12.810,79€ reducimos dependencia de financiación externa.

CAPÍTULO 4 Transferencias corrientes

Participación en tributos estado **391.283,64€**
Compensación por beneficios fiscales **20.000€**
Participación en tributos de la CCAA **212.978,42€**

Xunta

Axente emprego **6.389€**
Centro médico **2.800€**
Plan Concertado **95.000€**
Xulgado Paz **1.600€**
Socorrista **3.569,05€**
Normalizadora lingüística **6.000€**

Deputación

Convenio Servizos Sociais **31.572,68€**

Animadora cultural **5.987,41€**

Animador deportivo **5.993,26€**

Actividades deportivas **2.489€**

Actividades culturais **2.700€**

Termalismo **3.000€**

Rede cultural **3.000€**

Normalización **6.000€**

Promoción económica **550€**

Socorrista **3.000€**

POS Corriente **118.977,28€**

Maiores activos e igualdade **4.314,40€**

Capítulo 5: Dentro deste capítulo recóllese intereses de depositos e reducese por prudencia orzamentaria e visto o recaudado na anualidade anterior **500€ enténdese desde esta Alcaldía sempre sen chegar o endebedamento do Concello que os fondos líquidos deben estar en movemento e o servizo das necesidades veciñáis e non aforrados no banco deixando morrer a actividade deste termo municipal.**

2. Recursos de capital: para financiar as inversións comprendidas no estado de gastos, destinanse os que a continuación vou sinalar,

Capítulo 6: Non se prevé ningún ingreso por este capítulo xa que non ten previsto este equipo de goberno a venda de capital inmobiliario do Concello, **nestes últimos anos a nosa xestión aumenta o patrimonio municipal en ningún caso despatrimonializa o Concello senon que aumentou o seu patrimonio e a utilidade do existente traballando na súa mellora e mantemento; así por exemplo mercaremos a Cámara Agraria á Xunta de Galicia e aumentaremos o inmovilizado informático, mobiliario, instrumentos de fisioterapia e enfermería ...**

Capítulo 7: Transferencias de Capital **Capítulo 7:** Aquí son orzamentadas as subvencións previstas en recursos afectados no anexo de inversións os previstos inicialmente antes de sinalar as previstas inicialmente fago constar que son xunto coas subvencións para gastos correntes do capítulo 4 reflexo da boa política de obtención e xestión de subvencións

75080 subvención Xunta de Galicia PEIM Mellora camiños titularidad municipal **93.253€**

76100 POS 2015 **118.223,33€ 100% Deputación.118.223,33€**

Mellora camiños Arceo Brates e outros 83.713,11

Mellora accesos e vertido depuradora Boimil 34.510,22

76101 Recuperación espacio público Santarandel Parroquia de Arceo 100% aportación Deputación **14.448,76€**

76102 Mellora de camiños en las parroquias de Corneda, Mercurín, Sendelle Andabao e Dormeá **76.834,50€**

76103 Protección e mellora Medio Ambiente Mellora zonas verdes suministro contenedores 29.999,32€

76104 Equipamientos culturales Mellora locais sociais Arceo Brates Os Anxeles 49.999,55€

76105 Instalaciones deportivas Mellora pistas polideportivas Arceo A Gándara 44.000€

76106 Promoción económica material informático 15.000€

76107 Información e promoción turística Traslado de caseta e señalización 50.000€

Capítulos 8 e 9 Activos e Pasivos Financieros

No presente exercicio económico non se prevén Ingresos por estes conceptos destacando respecto o Capítulo 9 a **non previsión de operacións de crédito a longo prazo** como fonte de financiación do estado de gastos. **Non se acudirá a esta financiación.**

Dos ingresos correntes sobra parte para ser destinada a inversións non subvencionadas e a aportacións a proxectos subvencionados por este Concello.

CONCLUSIÓNS XERAIS :

1.- Non aumenta a dependencia de financiación externa pero si melloramos servizos e atendemos as necesidades veciñais. Aprobado o Plan especial para aumento da Residencia modificaremos este orzamento plenariamente para a execución da aplicación , xa estamos traballando nela

2.- Varía notablemente o orzamento en relación con outros anos cun incremento de 186.991,90 € baseado en ingresos propios e non alleos.

3.- Comprometese este orzamento coa creación de emprego.

4.- Refléxase a prudencia orzamentaria e o mantemento de servizos existentes .

5.- Invertimos sen débeda.

6.- Atendemos as necesidade de tódolos veciños .

7.- Boimorte segue a crecer con ese orzamento basando o seu funcionamento na xestión directa dos servizos reflexada en gastos nos capítulos 1 e 2 xa que este sistema permite crecer sen débeda.

C) MODIFICACIÓNS DE CREDITO

Para a realización de obras, servizos, inversións en xeral, ou gastos ordinarios, etc. non contemplados neste Orzamento, ou para os que fosen insuficientes os créditos asignados nas correspondentes partidas, tramitaranse os pertinentes expedientes de modificación de créditos con cargo ao Remanente de Tesorería non comprometido do ano 2014, de ser positivo (ten que estar determinado para o mes de marzo coa liquidación orzamentaria do exercicio 2014) , ou cargo a subvencións, axudas económicas ou outros ingresos previstos na vigente lexislación en materia de Facendas Locais.

As modificacións de crédito que poidan plantearse deberán ter en conta a posible contemplación no estado de gastos e ingresos a esos efectos, e de estar recollidas realizarse polas diferencias que puideran haber se as achegas son maiores ás previstas, e de ser menores limitarse o gasto o recibido, evitando un incremento fictio do Estado de Gastos e Ingresos.

Adoptase o compromiso por esta Alcaldía, e por ende do Pleno, de non executar gastos que dependesen de financiación afectada sen ter compromiso asinado ao respecto, quedando limitado a aquel o gasto executable, a no ser que se obteñan maiores ingresos sobre os previstos ou algunha outra fonte de financiación propia.

A vista desta memoria e proxecto de orzamento municipal do 2015, queremos SOLICITAR ao Pleno municipal que, atendendo aos intereses xerais dos nosos veciños a aprobación deste orzamento que dará cobertura as necesidades de Boimorto e crea futuro para este Concello.”

Continúa a Alcaldesa sinalando que sobre este orzamento pode haber ou non desacordo mais non e discutible que e reflexo dunha boa xestión por varias persoas con nomes e apelidos, di que os gastos e ingresos orzamentados respontan e están adaptados a realidade e que e un exercicio de responsabilidade a súa aprobación previo diálogo e sen ningún chantaxe polo ben dos veciños e do funcionamento do Concello de Boimorto.

A Alcaldesa pasa a palabra á concelleira do grupo municipal do PP D^a M^a Jesús Novo que explica que xa o seu grupo votou e contra na Comisión de contas xa que hai partidas para unha relación de postos de traballo coa que non están dacordo traballadores municipais, que o Concello funciona ben e non queren malos rolos entre o persoal, que van votar en contra non para prexudicar os veciños senon pola previsión da RPT que so aceptarán se beneficia a tódolos traballadores, remata sinalando que a súa oposición nestes anos sempre foi constructiva pero non van apoiar o que os traballadores non queren. Tamén di que non están dacordo coa contratación dun conductor para furgoneta da Residencia que sexa unha auxiliar e non un conductor como ata agora quen fai os acompañamentos.

A Alcaldesa dalle a palabra o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas que pide que conste en acta que o seu voto a favor condiciónase a que non se execute partida para alto cargo dedicación parcial que esa previsión se e necesario se destine os traballadores municipais, explica que dende o 2011 a oferta de emprego e incrementos salariais están conxelados pola normativa estatal e so por RPT poden executarse incrementos salariais, e que o conductor e ou conductora para a residencia está dacordo sempre que o seu salario non sexa superior o de auxiliar e teña ese perfil de auxiliar di que e necesario sentarse todos a falar da residencia municipal e da cuestión laboral.

Continúa este concelleiro explicando que non se pode por convenio incrementar salarios senon por RPT que lle gustaría que tódolos concelleiros/as se olviden dos/as traballadores/as que xa se sabe que tódolos proxectos van cara adiante por eles, que o importante e que o orzamento do Concello ten unha autonomía en relación á financiación externa dun 45% que se fixo como na sociedade de consumo, creáronse necesidades (imnasia, podoloxía...), e logo pedíronse as taxas que a xente contenta paga por ditos servizos, di que él participou a pesar de estar na oposición na posta en funcionamento de todo isto e que os traballadores non poden quedar en mala disposición.

Pide este concelleiro gobernabilidade, di que en Boimorto funcionou un tripartito que a guerra hai que facela quinc días antes das eleccións, que e necesaria tranquilidade.

O concelleiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro reclámalle o concelleiro do grupo mixto que o que está decindo o plantexe a Alcaldía.

Resposta o concelleiro do grupo mixto que soplan malos ventos que e necesario sentarse a dialogar.

O concelleiro D. Gonzalo Concheiro di que él non ten que escoitar a traballadores pedindo nada que se quere que camiñemos xuntos que o pida Alcaldía, a concelleira do PP D^a M^a Jesús Novo di que Alcaldía mandou a traballadores a falar con eles.

A Alcaldesa di que se celebrou unha reunión con enlaces sindicais con acta onde non consta eso inda que e certo que eles se ofrecen.

A concelleira do PP D^a M^a Jesús Novo diríxese a Alcaldesa para decirlle que non meta en política ó persoal.

A Alcaldesa di que funciona o diálogo non as chantaxes, que sin a Relación de postos de traballo non se pode solucionar o problema e en relación có posto de conductor/a da residencia que hai dotación presupuestaria nada mais.

O concelleiro D. Gonzalo Concheiro insiste en que a oposición feita polo PP foi constructiva que está disposto a sentarse se o pide Alcaldía, non o seu portavoz .

O concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas dille o a D. Gonzalo Concheiro que a él non o utiliza nin utilizou ningún a pesar de ter as chaves tras as eleccións.

A Alcaldía explica sobre a praza de conductor/a da residencia a necesidade dese transporte para sacar carga de traballo nas auxiliares.

A concelleira do Pp D^a M^a Jesús Novo di que non entende que o conductor teña un salario superior o das auxiliares.

A Alcaldesa resposta que unha RPT xustificaría esas valoracións.

Sen mais intervencións por maioría absoluta con 6 votos a favor; cinco dos concelleiros /as do grupo do PsdG-PSOE, un do concelleiro do grupo mixto e con cinco votos en contra dos concelleiros do grupo municipal do PP o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2015 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ámbos estados á cantidade de **(2.448.374,55€)** así coma toda a documentación e anexos a él incorporados (plantilla, bases de execución ...entre eles), asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

Estado de gastos		
Cap. 1	Gastos de persoal	1.153.699,61
Cap. 2	Gastos de bens correntes e servizos	713.333,35
Cap. 3	Gastos financeiros	4.000,00
Cap. 4	Transferencias correntes	15.000
Cap. 6	Inversións reais	562.341,59
Cap. 7	Transferencias de capital	---
Cap. 8	Activos financeiros	---
Cap. 9	Pasivos financeiros	---

TOTAL GASTOS		2.448.374,55€
Estado de ingresos		
Cap. 1	Impostos directos	351.117,74
Cap. 2	Impostos indirectos	10.000,00
Cap. 3	Taxas e outros ingresos	680.605
Cap. 4	Transferencias correntes	914.393,35
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	500,00
Cap. 6	Enaxenación de inversións reais	---
Cap. 7	Transferencias de capital	491.758,46
Cap. 8	Activos financeiros	---
Cap. 9	Pasivos financeiros	---
TOTAL INGRESOS		2.448.374,55€

SEGUNDO.- Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2015, tal e como son presentadas.

TERCEIRO.- Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, a plantilla de persoal

Plantilla:

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes

Hab. Nac.-Secretaría-Intervención.-A1/A2.-28.-1.-0.

Admón. Xeral.-Técnico/a xestión económica-financieira.-A2.-26.-1.-0

Admón. Xeral.-Administrativo.-C1.-22.-1.-0.

Admón. Xeral.-Aux. administrativo.-C2.-18.-1.-1.

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

Prazas.-Vacantes.-Denominación.-Xornada.

1.-0.-Traballador/a social.-Completa

1.-0.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.

1.-0.-Animador deportivo.-Completa

1.-0.-Técnico/a en intervención familiar-psicólogo/a.-Completa

1.-0.-Condutor camión.-Completa

1.-0.-Subalterno-conserxe peón oficios varios colexio.-Completa

1.-1.-Peón recollida lixo - tratorista.-Completa

1.-0.-Encargado de obras e servizo de urbanismo.-Completa

1.-0.-Encargado servizos municipais (auga, rede de sumidoiros, etc).-Completa

3.-1.-Auxiliares de Axuda no fogar- Completa.

1.-0.- Condutor de paleadora desbrozadora - Completa.

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

Prazas.-Denominación.

6.-Auxiliar Axuda a domicilio.-Xornada 25 horas1 / 5 completa

1.-Animadora cultural.-Xornada completa

1.-Encargado do Xulgado de Paz.-Media xornada

1.-Normalizadora linguística .- Xornada completa

- 3.- Mestras PAI .- 3 xornada completa
 - 1.- Técnico dinamización turístico- económica.- Xornada completa
 - 1.- Electricista .- Xornada completa
 - 1.- Conductor autobús .- Xornada completa
 - 2.- Persoal de limpeza .- 1 Xornada completa .-1 Xornada parcial
 - 1.- Fisioterapeuta .- Xornada completa
 - 2.- ATS .- Xornada completa
 - 1.- Pinche.- Xornada completa
 - 13 .- Auxiliares Residencia Centro de día .- Xornada completa
 - 1.-Conductor/a acompañamento
 - 1.- Peón reforzo servizos
 - 2.- Socorristas

De acordo co disposto no art. 75 da Lei 7/1985, RBRL publícanse as retribucións, asistencias e indemnizacións establecidas para os membros da Corporación:

- **Retribucións:** O Alcalde desempeñará a súa función en réxime de adicación exclusiva, con un soldo bruto mensual (14 pagas) de 2.800 euros, o que supón un soldo bruto anual de 39.200 euros.

- **Asistencias:** Os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial, percibirán 60 euros por cada asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

- **Indemnizacións:** Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, nos términos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

CUARTO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, , expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2015 con tódolos documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de se-lo caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

QUINTO.- O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do Rdl 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

SEXTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos , polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

SÉTIMO.- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.”

3.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas entre os días; 28/10/2014 a 23/12/2014, números 473 a 524.

Pregunta a Alcaldía se algún grupo municipal ten mocións que presentar, o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas expón que ten dúas mocións.

Continúa o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas expoñendo a primeira delas :

<<MOCIÓN PARA APOIAR A COMERCIALIZACIÓN DE PROXIMIDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de setembro publicouse o *Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final*. Este decreto entende por venda directa a que se realiza na casa, en mercados e feiras e en tendas minoristas, que vendan directamente ao consumo final, agás os ovos e establece unha serie de requisitos para poderen realizar esa venda.

Por unanimidade con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal aceptou a urxencia desta moción.

Desde o BNG sempre defendemos que se prestixien os nosos produtos primarios como de calidade e que cumpren coas garantías de salubridade. Igualmente xulgamos que se debe facilitar desde os poderes públicos a súa comercialización en circuitos curtos e de proximidade para garantirles o máximo beneficio aos e ás produtoras e que a actividade agrícola, a súa transformación e comercialización sexa un elemento de produción de alimentos, de creación de emprego e de dinamización económica.

Porén, este decreto, sen outras medidas que acompañen o desenvolvemento da venda de proximidade e o apoio aos e ás produtoras non vai ter ese efecto dinamizador. De feito, é evidente que non ten como obxectivo relanzar feiras e mercados nin serve para incorporar novas persoas a esta actividade. O articulado do decreto non garante a produción nin fomenta a dedicación de persoas a este tipo de actividade. Por iso, o BNG considera imprescindible desenvolver iniciativas que incidan no apoio á comercialización de proximidade (feiras, mercados periódicos de alimentos producidos no contorno tanto en cidades como vilas, degustacións, etc), ás de venda na propia explotación ou on line, e que teñan como obxectivo a promoción deste tipo de comercialización. .

Por iso, o concelleiro do BNG neste concello propón adoptar os seguintes

ACORDOS

1. Solicitar do Goberno Galego que, en diálogo co sector, aprobe unha serie de actuacións específicas en diversos ámbitos para dinamizar a venda de proximidade, garantir as mellores condicións de traballo para as persoas produtoras e conseguir unha produción respectuosa co ambiente e a saúde. Entre estas cuestións, están introducir alimentos producidos nas explotacións galegas nos menús dos centros públicos (escolares, hospitais, etc), facilitar base territorial ás persoas que a demandaren para a produción de alimentos e establecer medidas de cotas á seguridade social reducidas e adaptadas a este tipo de actividade produtiva, e o mesmo en relación coa súa fiscalidade, Cómpre tamén establecer liñas de axuda para que a introdución de elementos de identificación e a introdución de guías de boas prácticas non sexa un gasto engadido ás producións.
2. Solicitar do Goberno Galego que impulse unha marca de calidade que ampare e identifique os produtos da horta galega, que acadaren os requirimentos de calidade definidos en consenso co sector.

3. Solicitar do Goberno galego que se abra un diálogo constante co sector coa participación de sindicatos, organizacións agrarias, asociacións de produtores/as, produción ecolóxica, para impulsar medidas que partan do consenso e que realmente dinamicen un sector vital para a economía galega.

Boimorto, 19 de decembro de 2014>>

Por unanimidade con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE , cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Solicitar do Goberno Galego que, en diálogo co sector, aprrobe unha serie de actuacións específicas en diversos ámbitos para dinamizar a venda de proximidade, garantir as mellores condicións de traballo para as persoas produtoras e conseguir unha produción respectuosa co ambiente e a saúde. Entre estas cuestións, están introducir alimentos producidos nas explotacións galegas nos menús dos centros públicos (escolares, hospitais, etc), facilitar base territorial ás persoas que a demandaren para a produción de alimentos e establecer medidas de cotas á seguridade social reducidas e adaptadas a este tipo de actividade produtiva, e o mesmo en relación coa súa fiscalidade, Cómpre tamén establecer liñas de axuda para que a introdución de elementos de identificación e a introdución de guías de boas prácticas non sexa un gasto engadido ás producións.

SEGUNDO.- Solicitar do Goberno Galego que impulse unha marca de calidade que ampare e identifique os produtos da horta galega, que acadaren os requirimentos de calidade definidos en consenso co sector.

TERCEIRO.- Solicitar do Goberno galego que se abra un diálogo constante co sector coa participación de sindicatos, organizacións agrarias, asociacións de produtores/as, produción ecolóxica, para impulsar medidas que partan do consenso e que realmente dinamicen un sector vital para a economía galega.

A continuación o concelleiro do grupo mixto expón outora moción

<<MOCIÓN SOBRE A CREACIÓN DUNHA TARIFA ELÉCTRICA GALEGA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial.

A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxeno dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

A potencia instalada fan de Galiza unha exportadora neta de electricidade como se pode comprobar na seguinte táboa:

ANO	ENERXÍA EXPORTADA
2001	46,0%
2002	37,7%
2003	41,9%
2004	38,0%
2005	26,9%
2006	32,0%
2007	33,0%
2008	25,5%
2009	37,1%
2010	37,1%
2011	30,2%
2012	40,0%
2013	<i>O INEGA aínda non publicou os datos</i>

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica. No que atinxé á homénea política tarifaria, hai que subliñar que a tarifa eléctrica que se paga en Galiza inclúe peaxes de solidariedade interterritorial, como é o caso dos custos extrapeninsulares (Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla) que, no ano 2013, foron de 1.800 millóns de euros, cantidade pagada vía tarifas eléctricas.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Porén, na nova Lei do Sector 24/2013, cuestiónase esa tarifa única, non con base nesas razóns de poder compensar vía tarifa os territorios que sofren os prexuízos ambientais de produciren enerxía, senón para penalizar as CCAA que impoñan impostos ambientais, ao recollese a posibilidade –aínda sen desenvolver, da creación de suplementos territoriais onde houber impostos propios á actividade eléctrica (como en Galiza). Isto é, queda aberta a posibilidade a que en Galiza paguemos aínda a electricidade máis cara por termos actividade de xeración no propio país. Como dicíamos, fica totalmente pechada calquera posibilidade de termos unha tarifa propia que nos permita ter vantaxes en función de sermos un país produtor de enerxía, como acontece en diversos estados europeos onde existen tarifas diferenciadas por territorios.

Neste sentido, Galiza debe demandar unha tarifa máis baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico

dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e, tamén, para posibilitar o seu crecemento industrial.

A política sobre a tarifa eléctrica do Estado é un exemplo de despropósitos, agravado pola filosofía da reforma enerxética aprobada en 2014 polo PP que se asenta na premisa de considerar a enerxía eléctrica como un ben de consumo ordinario, suxeito exclusivamente á libre competencia e ao poder do reducido oligopolio de empresas eléctricas, no canto de considerar a electricidade un ben básico para a calidade de vida da persoa e do desenvolvemento económico, que debería estar intervido polo sector público e vetado a especulacións e negocios abusivos. Todo isto provoca que as tarifas eléctricas no Estado español sexan as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos.

Isto débese a dúas cuestións. A primeira, as peaxes ou custos fixos do sistema, porque nelas se recollen cantidade de conceptos que non deberían estar soportados pola tarifa eléctrica, entre eles: custos extrapeninsulares, primas de capacidade, primas carbón español, moratoria nuclear, primas renovábeis, etc., partidas que debería estar nos orzamentos do Estado español. Sería máis xusto fiscalmente e rebaxarían o prezo final da tarifa eléctrica.

Tamén é relevante o prezo da electricidade no mercado maiorista (ou pool), que retribúe do mesmo xeito –sempre ao prezo da máis cara, a todas as tecnoloxías de xeración que funcionan en cada hora do día, sen distinguir os custos reais de produción, o que provoca uns hiperbeneficios para determinados sistemas, en concreto a hidráulica e a nuclear, o que provoca unha suba artificial dos prezos.

O último exemplo desta errática política enerxética é a situación creada respecto de grandes consumidores en Galiza, grandes empresas situadas no noso país por ser a súa actividade dependente da electricidade que, durante anos se viron sometidas a continuos cambios regulatorios ditados desde Madrid, sen contar para nada cos intereses do país. Desde a supresión en 2009 da tarifa G4, que era específica para empresas como ALCOA, até a regulación do sistema de interrompibilidade, cuxo sistema de poxa anual implantado polo PP desde finais de 2013, a través da nefasta reforma eléctrica, supón un modelo perverso pola súa cadencia anual, o que implica que moitas empresas non realizarán investimentos de modernización nas súas factorías ao non teren un sistema tarifario estábel. Mesmo afecta á competencia leal, pois provoca que empresas do mesmo sector produtivo podan ter prezos moi diferentes de electricidade.

O escenario de tarifa eléctrica diferenciada, como dicíamos anteriormente, non é o único que existe en Europa ou nos USA. Tamén no caso do Estado español, na actual proposta de peaxes eléctricos realizada polo Goberno central, logo dun pacto co Goberno de Euskadi, recolle o cambio de definición das redes de alta tensión para que teñan collida unha parte moi significativa da rede de distribución vasca, que neste caso é singular, o cal vai permitir a partir de 2015 uns prezos máis baixos para a industria de EuskalHerria, nunha rebaxa que se estima nun 15% nas peaxes e nun 12,5% no termo de enerxía.

No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que, ademais, evite a nosa desindustrialización.

Por unanimidade con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal aceptou a urxencia desta moción.

Por iso, este concelleiro do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

Acordo

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

Boimorto, 19 de decembro de 2014>>

Por unanimidade con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE , cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

ÚNICO.- Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Por Alcaldía apertúrase o punto de rogos e preguntas e dase a palabra á concelleira do grupo municipal do PP D^a M^a Jesús Novo que pregunta que trala reunión do Festival de la Luz se foi todo aclarado, se o Festival vaise celebrar no 2015 e que acontece coa subvención da Deputación para dito Festival. Tamén di que vistos os gastos e ingresos no churrasco do Festival de la luz 9.240 e 9.233 se non houbo máis gastos no churrasco.

Continúa esta concelleira do PP sinalando que tivo unha reunión có concelleiro do grupo mixto e a directora do colexio na que se manifestaron as carencias no colexio e que na consellería din que o 90% son responsabilidade e deben asumirse polo Concello pregunta se se solucionaron esas carencias e a inversión no colexio nos últimos 4 anos.

En relación coa pregunta sobre a continuidade do Festival de la Luz a Alcaldesa pide o apoio de D. Xosé Luis Rivas en relación a que nunca se dixo que non se fose celebrar o Festival, replica a concelleira D^a M^a Jesús Novo que nese momento non estaba o concelleiro do grupo mixto, o concelleiro do grupo mixto di que o plantexado polo señor Farruco era chantaxe que o representante do Festival e un impresentable, pola súa chulería, prepotencia e proposicións indecentes.

A Alcaldesa di que o Festival segue, sobre a subvención para o Festival da Deputación di que a data de hoxe non chegou nada por rexistro (interven a concelleira do PP D^a M^a Jesús Novo para decir que está aprobada). En relación cós ingresos do Festival por churrasco di Alcaldía que na reunión có concelleiro responsable do Festival foron expostos claramente ditos ingresos, sobre as carencias no colexio sinala que foi a unha reunión con Xosé Luis Rivas á Xunta onde se aclararon o que son competencias do Concello e di que se están subsanando ditas carencias sendo a de alumeado interior a parte pendente.

Polo concelleiro do grupo mixto exponse que visitado o Centro dos Ánxeles roga que se mande unha carta o arquitecto que o diseñou e a quen o executou que ten moitas humidades di que o mesmo para o albergue de peregrinos que agora non hai pero que visto como está poden aparecer en poucos anos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 21:13 minutos do expresado día. Autorízase a presente actuar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- Ana Ledo Fernandez

DILIXENCIA.- Para facer constar que a acta da sesión celebrada polo Pleno da Corporación o día 29 de decembro de 2014, está transcrita nos folios da Serie A do nº 3070502 ao nº 3070511

A SECRETARIA,

